

1. IDENTIFICACIÓN					
Título da UD	«Ravachol, se collo a vara!».				
Etapa	EDUCACIÓN PRIMARIA.	Área	Educación artística (Educación Musical).	Nivel	5º
Mestres	Educación Musical. Educación Plástica. Lingua Galega e Literatura.				
Centro de interese	«O Entroido».	Proxecto	«Taller de instrumentos: Arte-sán».		
Descrición					
<p>Nesta unidade o alumnado vai construír un instrumento musical con obxectos de refugallo, que incorporará ao grupo rítmico instrumental co que acompañará as cancións das comparsas escolares no festival de Entroido. Ademais, coñecerán persoeiros ligados aos «Coros Galegos» e diversas costumes destas datas.</p>					
Xustificación					
<p>A UDI será impartida no mes de febreiro, sobre o centro de interese do Entroido. O personaxe que dá nome á unidade é Ravachol, meco do Entroido pontevedrés, que rememora ao loro do boticario da Peregrina, Perfecto Feijóo, fundador do primeiro coro galego, «Aires d'a Terra». De feito, o nome da unidade fai referencia a unha das frases que o seu dono lle dirixía ao animal, que morreu no Entroido de 1913.</p> <p>Polo tanto, a música traballada na unidade relacionarase co traballo de Perfecto Feijóo e o repertorio dos «Coros Galegos», principalmente «Aires d'a Terra» (actores do primeiro disco gravado de música galega) incidindo, ademais, en persoeiros próximos a el, tales como o barítono Víctor Mercadillo e a escritora Emilia Pardo Bazán, presidenta da Sociedad del Folklore Gallego (cuxo vicepresidente sería Manuel Murguía), fundada a instancias do santiagués Antonio Machado «Demófilo», coñecido por ser pai de dous insignes poetas da lingua castelá.</p>					
Contexto					
<p>O alumnado vive no ambiente do Entroido galego, de enorme tradición nalgunhas comarcas. Aproveitaremos as festividades para tratar algúns aspectos relacionados con el, ademais da temática dos «Coros Galegos», grazas ao fío condutor de Ravachol.</p>					



2. CONCRECIÓN CURRICULAR

Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comptn.
EDUCACIÓN MUSICAL				
BLOQUE 1. ESCOITA				
▪ j ▪ a	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Audición activa dunha selección de pezas instrumentais e vocais de diferentes estilos e culturas adaptadas á idade do alumnado. ▪ B1.2. Asistencia a representacións musicais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. escoitar obras de características ou estilos e compositores e compositoras diferentes, recoñecer as diferenzas e/ou as relacións existentes, e facer unha valoración posterior . 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.1.1. Expresa as súas apreciacións persoais sobre o feito artístico musical. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.1.2. Manifesta as sensacións, as impresións e os sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.1.3. Respecta as opinións dos compañeiros e das compañeiras. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC
▪ j	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.6. Identificación dos distintos rexistros de voces graves e agudas así como as posibles agrupacións vocais e corais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Analizar a organización de obras musicais sinxelas ou fragmentos, e describir os elementos da linguaxe musical convencional que as compoñen. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.3.1. Distingue e clasifica tipos de voces, e agrupacións vocais e corais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CAA ▪ CCL
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.3.4. Identifica e utiliza correctamente os elementos da linguaxe musical traballados. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC
▪ j ▪ d	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.9. Instrumentos: clasificación técnica segundo a produción do son (aerófonos, cordófonos, membranófonos, idiófonos e electrófonos). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Coñecer e identificar as principais familias dos instrumentos, e identificar as principais características de instrumentos doutras culturas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.5.1. Identifica de xeito visual e auditivo os instrumentos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.5.2. Clasifica os instrumentos atendendo á súa forma de producir o son (aerófonos, cordófonos, membranófonos, idiófonos e electrófonos). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CAA ▪ CCL



<ul style="list-style-type: none"> ▪ j ▪ d 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.14. Interese polo repertorio tradicional de Galicia e das zonas de procedencia dos compañeiros e das compañeiras. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.7. Buscar, seleccionar e organizar informacións sobre manifestacións artísticas do patrimonio cultural propio e doutras culturas, de acontecementos, creadores e profesionais en relación coas artes plásticas e a música. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.7.1. Identifica as manifestacións artísticas propias de Galicia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC
BLOQUE 2. INTERPRETACIÓN MUSICAL				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ j ▪ b 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Reprodución de pezas instrumentais e cancións sinxelas ao unísono e canons, de maneira colectiva, con ou sen acompañamento. Frauta doce: dixitación da escala de dó sen alteracións. ▪ B2.2. Uso dos instrumentos de placas Orff e/ou percusión determinada ou indeterminada en acompañamentos de cancións e melodías relacionadas coa cultura galega e con outras culturas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Interpretar un repertorio básico de acompañamentos, cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical, valorar o traballo feito, avaliar o resultado e propor accións de mellora. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB2.1.1. Coñece e utiliza a linguaxe musical tratada para a interpretación de obras. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB2.1.2. Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB2.1.3. Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos, con e sen acompañamento. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB2.1.4. Fai avaliación da interpretación amosando interese e esforzo por mellorar. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ j ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.10. Invención e construción dun instrumento. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diferentes materiais, instrumentos e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB2.3.1. Emprega distintos instrumentos, materiais e dispositivos electrónicos e informáticos para crear acompañamentos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CD ▪ CAA



	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.11. Exploración da morfoloxía de diferentes instrumentos musicais amosando interese polo seu coidado. 	dispositivos electrónicos.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB2.3.2. Constrúe algún instrumento orixinal ou similar a un existente. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CAA
--	--	----------------------------	--	---

EDUCACIÓN PLÁSTICA

BLOQUE 2. EXPRESIÓN ARTÍSTICA

<ul style="list-style-type: none"> ▪ h ▪ b 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.15. Elaboración de deseños previos á realización dunha obra para chegar ao resultado final con orde e limpeza. ▪ B2.16. Establecemento de protocolos de organización, orde, limpeza e presentación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.6. Amosar interese polo traballo, apreciando e valorando a correcta realización de actividades e a presentación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPB2.6.1. Completa e realiza os debuxos utilizando os coñecementos aprendidos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPB2.6.2. Presenta as tarefas con orde e limpeza respectando as normas e indicacións establecidas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ i ▪ j 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.17. Documentación sobre producións artísticas nos medios audiovisuais e nas tecnoloxías da información e da comunicación para un sinxelo tratamento das imaxes, o deseño, a animación e a difusión dos traballos elaborados. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.7. Utilizar e manexar as tecnoloxías da información e da comunicación como medio de información, investigación e deseño. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPB2.7.1. Emprega as novas tecnoloxías para se iniciar no deseño dixital, no tratamento de imaxes ou na animación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CCEC

LINGUA GALEGA E LITERATURA

BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA



<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ d ▪ e ▪ o 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Escoita, memorización e reprodución de textos procedentes da literatura popular oral galega (refrás, adiviñas, lendas, contos, poemas, conxuros, ditos e cantigas), así como da literatura galega en xeral. ▪ B5.2. Valoración e aprecio do texto literario galego (oral ou non) como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1 Escoitar, memorizar, reproducir e valorar textos procedentes da literatura popular galega e da literatura galega en xeral. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB5.1.1. Escoita, memoriza e reproduce textos procedentes da literatura popular oral galega (refrás, adiviñas, lendas, contos, poemas, conxuros, ditos,cantigas) e da literatura galega en xeral 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC 								
Comprensión lectora	Expresión oral e escrita	TIC	Educación cívica e constitucional	Inclusión de persoas con discapacidade	Igualdade efectiva entre homes e mulleres	Desenvolvemento sostible e medio ambiente	Resolución de conflitos	Educación e seguridade viaria	Creatividade	Autonomía	Iniciativa	Traballo en equipo	Confianza en un mesmo	Sentido crítico	Educación para o lecer	Educación do consumidor
X		X		X	X	X						X	X	X	X	X



Tarefa. Montar unha peza vocal para o Entroido, con acompañamento de *ostinatti* dos IPAI, PC e instrumentos de construción propia.

1ª Sesión

Actividade ¹	Exercicio	Observacións
AIM. Coa letra escrita no encerado, escoitar a «Foliada da Montaña» cantada polo coro <i>Aires da Terra</i> .	Seguir as letras orixinais escritas no encerado. Progresivamente, incorporar as letras de Entroido proporcionadas para cantar por riba da música. Observar a entrada a só do barítono Víctor Mercadillo, a estrutura binaria da peza, o tipo de agrupación, o canto por terceiras paralelas, os aturuxos e o instrumental empregado (gaita, tambor).	Empregar a versión histórica que se atopa en https://open.spotify.com/track/0sAogFpZ4KctfxFwcpNyUv
AD. Aprender a letra da canción (novas de Entroido e orixinais).	Identificar a rima e a métrica. Recoñecer a estrutura do texto. Comentar a súa opinión sobre a peza escoitada.	Recitar a letra todo o grupo simultaneamente. Ir borrando do encerado algúns versos sinalados previamente sen que afecte á declamación. Obrar consecutivamente ata que desapareza toda a letra e reciten de memoria. Traballar de forma idéntica pero de discente en discente, establecendo unha quenda previa de participación (por exemplo, en rolda). Aplicarlle unha declamación máis rítmica e poética.
AD. Distribuídos en grupos crear <i>ostinatti</i> para os IPAI da aula que	Interiorizar a medida marcando o compás de 3/8.	Ir pasándoos ao programa <i>Musescor</i> para comprobar o resultado tímbrico do conxunto e a versatilidade do

¹ AIM (Actividades de introdución-motivación). ACP (Actividades de coñecementos previos). AD (Actividades de desenvolvemento). AC (Actividades de consolidación). AR (Actividades de repaso). ARF (Actividades de reforzo). AAV (Actividades de avaliación). AA (actividades de ampliación).



engadir á interpretación da canción para o festival.	Cantar cada arranxo co acompañamento instrumental creado.	acompañamento popular en tempo de xota (dado o tipo de compás, requirirase axuda da docencia).
AR. Cantar a canción todos xuntos cos instrumentos e percusión corporal.	Opinar criticamente sobre o traballo desenvolvido.	Convén controlar o tempo para este exercicio de opinión, susceptible de ser realizado noutras actividades a pesares de non aparecer escrito.
AA. Procurar información sobre o coro Aires da Terra, o loro Ravachol, Víctor Mercadillo, Perfecto Feijóo... e outras personaxes que a docencia considere (Emilia Pardo Bazán, Manuel Murguía, José Pérez Ballesteros, Antonio Machado y Álvarez...) na Internet.	Establecer criterios de procura na Internet que respecten a normativa de dereitos de autor.	É factible dividir o traballo por grupos e que cada un se ocupe dunha persoa das citadas ampliando, así, o número de investigados. Subir ao <i>blog</i> da aula a información atopada.

2ª Sesión		
Actividade	Exercicio	Observacións
AIM. Establecer unha pequena quenda de intervencións na que algunhas persoas de cada grupo expoñan o atopado na actividade de ampliación.	Establecer un listado cos enlaces das páxinas tratadas.	
AD. Explicar o profesorado os instrumentos escoitados e as súas características e clasificación.	Discriminar visual e auditivamente os instrumentos galegos coñecidos (zanfona, gaita, tambor...) interpretados por Aires da Terra, así como outros habituais na contorna (tarrañolas, cunchas, pandeiretas...) Clasificalos como idiófonos, membranófonos, cordófonos ou	Empregar as láminas entregadas co material do curso.



	aerófonos.	
AD. Construír un instrumento musical con obxectos de refugallo.	<p>Procurar na Internet instrumentos populares galegos, ou ben de culturas próximas.</p> <p>Gardar en diferentes formatos deseños destes instrumentos.</p> <p>Manipulalos con vistas a que sirvan de esbozo para a creación dun instrumento similar con obxectos de refugallo.</p>	<p>Avisar ao alumnado previamente para que traian os materiais e as ferramentas precisos a clase.</p> <p>A ser posible, realizar previamente u proxecto no que se inclúan materiais, custes económicos, deseño con medidas (plano)e adorno exterior (actividade con Educación Plástica).</p>
AD. Incluír este instrumental interpretando os <i>ostinatti</i> creados para acompañar a canción da comparsa.	Memorizar e interpretar a súa parte na execución instrumental mentres se canta.	En caso de telos pasados, pode interesar contar co apoio da secuencia gravada en <i>Musescore</i> .
AE. Interpretar a peza todos xuntos.	Atender ao resultado sonoro da superposición dos diferentes <i>ostinatti</i> .	



3. TRANSPOSICIÓN DIDÁCTICA

ACTIVIDADES	MODELO DE PENSAMIENTO ⁵	MODELO ENSINO-APRENDIZAXE ⁴	INTELIXENCIAS MÚLTIPLES ³	AGRUPAMENTO ²	RECURSOS DIDÁCTICOS	TMP.
AIM. Coa letra escrita no encerado, escoitar a «Foliada da Montaña» cantada polo coro <i>Aires da Terra</i> .	Reflexivo. Percepción.	Lingüístico.	Lingüístico-verbal. Musical.	Grupo clase. Heteroxéneo.	Música.	5'
AD. Aprender a letra da canción (novas de Entroido e orixinais).	Reflexivo. Memoria.	Lingüístico.	Lingüístico-verbal.	Grupo clase. Heteroxéneo.		10'
AD. Distribuídos en grupos crear <i>ostinatti</i> para os IPAI da aula que engadir á interpretación da canción para o festival.	Práctico. Aplicación.	Cognitivo-constructivo. Persoal-individual.	Musical. Corporal cinestésica. Intrapersoal. Interpersoal.	Grupo clase. Heteroxéneo. Afíns.	Partituras. Música mp3.	20'
AR. Cantar a canción todos xuntos cos instrumentos e percusión corporal.	Práctico. Sistémico. Aplicación.	Proxectivo.	Musical. Corporal cenestésica. Interpersoal.	Grupo clase. Heteroxéneo.	Partituras. Música mp3.	10'

² Grupo clase; individual; grupos. // Afíns; heteroxéneos; grupos de interese; titoría entre pares; mentores.

³ Intelixencia lingüístico-verbal. Intelixencia lóxica-matemática. Intelixencia espacial. Intelixencia musical. Intelixencia corporal cenestésica. Intelixencia intrapersoal. Intelixencia interpersoal. Intelixencia naturalista.

⁴ Condutual-instrutivo. Cognitivo-constructivo. Social-cooperativo. Persoal-individual. Lingüístico. Proxectivo.

⁵ Percepción. Memoria. Comprensión. Aplicación. Análise. Investigación. Síntese. Avaliación. // Reflexivo. Analítico. Lóxico. Crítico. Sistémico. Analóxico. Creativo. Deliberativo. Práctico.



AA. Procurar información sobre o coro Aires da Terra, o loro Ravachol, Víctor Mercadillo, Perfecto Feijóo... e outras personaxes que a docencia considere (Emilia Pardo Bazán, Manuel Murguía, José Pérez Ballesteros, Antonio Machado y Álvarez...) na Internet.	Analítico. Comprensión. Análise.	Cognitivo-constructivo. Persoal-individual. Lingüístico.	Lingüístico-verbal. Musical. Intrapersoal.	Individual. De interese.	Web/portal temático ou corporativo. Lecturas guiadas.	-
AIM. Establecer unha pequena quenda de intervencións na que algunhas persoas de cada grupo expoñan o atopado na actividade de ampliación.	Analítico. Crítico. Investigación. Síntese. Avaliación.	Cognitivo-constructivo. Persoal-individual. Lingüístico.	Lingüístico-verbal. Musical. Interpersoal	Grupos. Grupo de interese.	Actividade de discusión.	7'
AD. Explicar o profesorado os instrumentos escoitados e as súas características e clasificación.	Analítico. Percepción. Análise.	Cognitivo-constructivo. Lingüístico.	Musical.	Grupo clase. Heteroxéneo.	Actividade de discusión.	8'
AD. Construír un instrumento musical con obxectos de	Práctico.	Cognitivo-constructivo.	Musical. Corporal cenestésica.	Grupos. De interese.	Materiais de refugallo. Ferramentas.	25'



refugallo.	Aplicación.		Naturalista.		Chinchetas, lapis, rotuladores, cintas de cores...	
AAV. Interpretar a peza todos xuntos.	Práctico. Sistémico. Aplicación.	Proxectivo.	Musical. Corporal cenestésica. Interpersoal.	Grupo clase. Heteroxéneo.	Partituras. Música mp3.	5'



4. AVALIACIÓN				
Criterio de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Aspectos a observar para a avaliación	Competencias Clave	Instrumento de avaliación
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. escoitar obras de características ou estilos e compositores e compositoras diferentes, recoñecer as diferenzas e/ou as relacións existentes, e facer unha valoración posterior 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.1.1. Expresa as súas apreciacións persoais sobre o feito artístico musical. 	Vocabulario técnico axeitado. Argumentos coherentes.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCEC 	Debate. Rexistro do profesorado. Rúbricas.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.1.2. Manifesta as sensacións, as impresións e os sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical. 	Léxico e expresión. Coherencia dos argumentos.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCEC 	Método de casos. Debate. Rexistro do profesorado. Rúbricas.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.1.3. Respecta as opinións dos compañeiros e das compañeiras. 	escoita atenta. Respecto aos demais.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCEC 	Debate. Rexistro do profesorado. Rúbricas.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Analizar a organización de obras musicais sinxelas ou fragmentos, e describir os elementos da linguaxe musical convencional que as compoñen. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.3.1. Distingue e clasifica tipos de voces, e agrupacións vocais e corais. 	Vocabulario técnico axeitado. Precisión nos elementos sinalados.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CAA ▪ CCL 	Rexistro do profesorado. Rúbricas.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.3.4. Identifica e utiliza correctamente os elementos da linguaxe musical traballados. 	Recoñecemento dos elementos. Reproducción exacta.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC 	Rexistro do profesorado. Rúbricas.



<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Coñecer e identificar as principais familias dos instrumentos, e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.5.1. Identifica de xeito visual e auditivo os instrumentos. 	<p>Vocabulario técnico axeitado.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CAA 	<p>Rúbricas.</p>
--	--	--------------------------------------	---	------------------



	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.5.2. Clasifica os instrumentos atendendo á súa forma de producir o son (aerófonos, cordófonos, membranófonos, idiófonos e electrófonos). 	Vocabulario técnico axeitado.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CAA ▪ CCL 	Rúbricas.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.7. Buscar, seleccionar e organizar informacións sobre manifestacións artísticas do patrimonio cultural propio e doutras culturas, de acontecementos, creadores e profesionais en relación coas artes plásticas e a música. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.7.1. Identifica as manifestacións artísticas propias de Galicia. 	<p>Vocabulario técnico axeitado.</p> <p>Observacións orixinais.</p> <p>Control do ritmo.</p> <p>Acompañamentos básicos.</p> <p>Recoñecemento de textos, xéneros, tipos e instrumentos.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC 	<p>Método de casos.</p> <p>Rexistro do profesorado.</p> <p>Rúbricas.</p>
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1 Interpretar un repertorio básico de acompañamentos, cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB2.1.1. Coñece e utiliza a linguaxe musical tratada para a interpretación de obras. 	<p>Vocabulario técnico axeitado.</p> <p>Respecto ás figuras, alturas e indicacións.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CAA 	<p>Proxectos.</p> <p>Rexistro do profesorado.</p> <p>Rúbricas.</p>
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB2.1.2. Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos. 	<p>Precisión rítmica.</p> <p>Aproximación interválica e melódica.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CAA 	<p>Rexistro do profesorado.</p> <p>Rúbricas.</p>



musical, valorar o traballo feito, avaliar o resultado e propor accións de mellora.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB2.1.3. Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos, con e sen acompañamento. 	<p>Asunción do seu rol no grupo.</p> <p>Respecto ás entradas e intervencións dos demais.</p> <p>Interese por mellorar o resultado obtido.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CAA 	<p>Proxectos.</p> <p>Rexistro do profesorado.</p> <p>Rúbricas.</p>
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB2.1.4. Fai avaliación da interpretación amosando interese e esforzo por mellorar. 	<p>Vocabulario técnico axeitado.</p> <p>Interese por mellorar o resultado obtido.</p> <p>Actitude construtiva.</p> <p>Concreción nas apreciacións.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA 	<p>Método de casos.</p> <p>Proxectos.</p> <p>Debate.</p> <p>Rexistro do profesorado.</p> <p>Rúbricas.</p>
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diferentes materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB2.3.1. Emprega instrumentos, materiais e dispositivos electrónicos e informáticos para crear acompañamentos. 	<p>Corrección na transcripción de cada <i>ostinato</i>.</p> <p>Emprego axeitado de <i>software</i> e <i>hardware</i>.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CD ▪ CAA 	<p>Rexistro do profesorado.</p>
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB2.3.2. Constrúe algún instrumento orixinal ou similar a un existente. 	<p>Emprego correcto do material.</p> <p>Atención ao resultado sonoro e non só ao adorno exterior.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CAA 	<p>Rexistro do profesorado.</p> <p>Rúbricas.</p>



RÚBRICA						
Criterio de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Indicadores				Comp. clave
		A	B	C (mínimo)	D	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. escoitar obras de características ou estilos e compositores e compositoras diferentes, recoñecer as diferenzas e/ou as relacións existentes, e facer unha valoración posterior 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.1.1. Expresa as súas apreciacións persoais sobre o feito artístico musical. 	Expresa, empregando unha linguaxe técnica precisa, as súas apreciacións persoais sobre o feito artístico musical.	Expresa, empregando unha linguaxe técnica aproximada, as súas apreciacións persoais sobre o feito artístico musical.	Expresa as súas apreciacións persoais sobre o feito artístico musical e as xustifica convincentemente.	Expresa apreciacións sobre o feito artístico musical, sen xustificalas de xeito convincente.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCEC
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.1.2. Manifesta as sensacións, as impresións e os sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical. 	Expresa cunha linguaxe precisa as sensacións, impresións e sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical, xustificando o porqué de xeito coherente e razoado.	Manifesta as sensacións, impresións e sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical, xustificando o porqué.	Manifesta as sensacións, as impresións e os sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical.	Entende que unha peza musical lle provoque certa reacción, sen situar o porqué diste feito.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCEC
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.1.3. Respecta as opinións dos compañeiros e 	Segue as intervencións e valora as opinións dos demais	Segue as intervencións, atende ás achegas do resto do grupo,	Segue a quenda de intervencións e atende por igual a todos os membros	Escoita as participacións dos demais membros	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCEC



	das compañeiras.	membros do grupo, sendo quen de sinalar pros e contras nelas.	amosando unha actitude de respecto.	do grupo.	do grupo.	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Analizar a organización de obras musicais sinxelas ou fragmentos, e describir os elementos da linguaxe musical convencional que as compoñen. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.3.1. Distingue e clasifica tipos de voces, e agrupacións vocais e corais. 	Distingue e clasifica tipos de voces, agrupacións vocais e corais referíndose a elo cunha linguaxe técnica precisa.	Distingue e clasifica tipos de voces, agrupacións vocais e corais referíndose a elo cunha linguaxe técnica aproximada.	Distingue e clasifica tipos de voces, así como agrupacións vocais e corais.	Distingue tipos de voces e agrupacións vocais e corais, pero non é capaz de clasificalas.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CAA ▪ CCL
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.3.4. Identifica e utiliza correctamente os elementos da linguaxe musical traballados. 	Identifica e utiliza correctamente os elementos da linguaxe musical traballados, os integra nas súas producións basicamente e refírese a eles de xeito preciso.	Identifica e utiliza correctamente os elementos da linguaxe musical traballados e os integra nas súas producións basicamente.	Identifica e utiliza correctamente os elementos da linguaxe musical traballados.	Identifica algúns e emprega de xeito aproximado os elementos da linguaxe musical traballados.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Coñecer e identificar as principais familias dos instrumentos, e identificar as principais 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.5.1. Identifica de xeito visual e auditivo os instrumentos. 	Identifica visual e auditivamente os instrumentos tratados, sitúaos no seu contexto e atopa similitudes e diferenzas entre	Identifica de xeito visual e auditivo os instrumentos tratados e os clasifica basicamente.	Identifica de xeito visual e auditivo os instrumentos tratados.	Recoñece visual e auditivo os instrumentos, pero non é capaz de nomealos.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CAA



características de instrumentos doutras culturas		eles.				
--	--	-------	--	--	--	--



	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.5.2. Clasifica os instrumentos atendendo á súa forma de producir o son (aerófonos, cordófonos, membranófonos, idiófonos e electrófonos). 	<p>Clasifica os instrumentos atendendo á súa forma de producir o son, coñece os subapartados existentes en estas categorías e se refire a eles de maneira razoada e cunha linguaxe axeitada.</p>	<p>Clasifica os instrumentos atendendo á súa forma de producir o son e fai apartados razoados dentro destas categorías.</p>	<p>Clasifica os instrumentos atendendo á súa forma de producir o son (aerófonos, cordófonos, membranófonos, idiófonos e electrófonos).</p>	<p>Coñece a clasificación instrumental de corda, vento e percusión, pero non segundo a forma de producir o son nin clasifica segundo este criterio.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CAA ▪ CCL ▪
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.7. Buscar, seleccionar e organizar informacións sobre manifestacións artísticas do patrimonio cultural propio e doutras culturas, de acontecementos, creadores e profesionais en relación coas artes plásticas e a música. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.7.1. Identifica as manifestacións artísticas propias de Galicia. 	<p>Recoñece a zanfona, gaita, tambor... e canta foliadas acompañándose con IPAI, PC e instrumentos de construción propia, sobre audición ou interpretación grupal.</p>	<p>Recoñece a zanfona, gaita, tambor e distingue foliadas, sendo quen de acompañala con IPAI, PC e instrumentos de construción propia sobre audición ou interpretación grupal.</p>	<p>Recoñece zanfona, gaita, tambor e distingue foliadas auditivamente.</p>	<p>Recoñece visualmente zanfona, gaita, tambor e distingue foliadas auditivamente.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC



<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Interpretar un repertorio básico de acompañamentos, cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical, valorar o traballo feito, avaliar o resultado e propor accións de mellora. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB2.1.1. Coñece e utiliza a linguaxe musical tratada para a interpretación de obras. 	<p>Interpreta instrumentalmente a só sobre partitura os elementos coñecidos da linguaxe musical, e de xeito aproximado se o fai cantando.</p>	<p>Recoñece e interpreta con partitura en pequeno grupo instrumental e/ou vocal, respectando tempo, matices e indicacións de expresión.</p>	<p>Interpreta con partitura en grupo, apoiándose co oído e respectando o tempo absolutamente, vocal e instrumentalmente.</p>	<p>Recoñece os elementos básicos da linguaxe musical presentes nas partituras das pezas e os reproduce grupalmente de xeito aproximado.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CAA
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB2.1.2. Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos. 	<p>Transcribe esquemas rítmicos sinxelos empregando as figuras coñecidas en compás de 3/8 e os transcribe informaticamente combinado con outros.</p>	<p>Transcribe esquemas rítmicos sinxelos empregando as figuras coñecidas en compás de 3/8 e os transcribe informaticamente.</p>	<p>Transcribe esquemas rítmicos sinxelos empregando as figuras coñecidas en compás de 3/8.</p>	<p>Transcribe figuras e <i>ostinatti</i> no compás de 3/8.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CAA
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB2.1.3. Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos, con e sen acompañamento. 	<p>Interpreta a súa parte vixiando planos sonoros, entradas, equilibrio global e expresión e se preocupa polo resultado global.</p> <p>Emite a voz con certa impostación, mantén a afinación,</p>	<p>Asume o rol que lle corresponde na interpretación colectiva, asume a técnica precisa, entra no lugar que lle corresponde e non se perde durante a execución.</p>	<p>Interpreta o seu papel na interpretación instrumental colectiva, con certa precisión técnica e sen erros que impliquen a súa perda do resto do grupo.</p>	<p>Participa con interese na interpretación vocal e/ou instrumental de conxunto.</p> <p>Canta con letra nunha afinación aproximada.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CAA



		respecta a afinación, equilibra os planos sonoros e expresa máis aló da música.	Afina durante a execución vocal e respira respectando o fraseo, aplicando unha técnica vocal axeitada.	Mantén a afinación ao principio e final da peza e respira nos lugares indicados.		
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB2.1.4. Fai avaliación da interpretación amosando interese e esforzo por mellorar. 	Sinala os erros cometidos empregando unha linguaxe técnica precisa, sendo quen da súa corrección.	Sinala o mellorable da interpretación e pon da súa parte para a corrección.	Sinala os erros cometidos de xeito aproximado.	Aprécia a existencia de aspectos mellorables, pero non os sitúa na interpretación de xeito preciso.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diferentes materiais, instrumentos e dispositivos 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB2.3.1. Emprega instrumentos, materiais e dispositivos electrónicos e informáticos para crear acompañamentos. 	Emprega instrumentos, materiais e dispositivos electrónicos e informáticos para crear acompañamentos complexos.	Emprega instrumentos, materiais e dispositivos electrónicos e informáticos para crear acompañamentos de certo interese.	Emprega instrumentos, materiais e dispositivos electrónicos e informáticos para crear acompañamentos.	Emprega instrumentos e materiais para crear acompañamentos.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CD ▪ CAA



	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB2.3.2. Constrúe algún instrumento orixinal ou similar a un existente. 	Constrúe algún instrumento orixinal ou similar a un existente, cun bo resultado sonoro, coidado do adorno exterior, e o clasifica pola produción do son.	Constrúe algún instrumento orixinal ou similar a un existente, cun bo resultado sonoro e coidado do adorno exterior.	Constrúe algún instrumento orixinal ou similar a un existente.	Constrúe algún instrumento orixinal ou similar a un existente cun resultado sonoro pobre.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CAA
--	--	--	--	--	---	---

5. PARTICIPACIÓN DAS FAMILIAS E COMUNIDADE ESCOLAR

Participación das familias	Divulgación social da tarefa	Colaboración de recursos externos e comunidade escolar
<p>Resposta ás cuestións que poidan xurdir ao respecto do Entroido, as personaxes tratadas, os cantos... que coñezan as familias.</p> <p>Control familiar nas procuras guiadas pola rede.</p>	<p>Gravación en audio, vídeo ou soporte informático das interpretacións das obras traballadas; subida ao <i>blog</i> da clase, web do centro ou en arquivo individualizado para o alumnado.</p> <p>Fotografía dos instrumentos creados; subida ao <i>blog</i> da clase ou web do centro.</p>	<p>Simultaneidade da unidade coas áreas implicadas.</p> <p>Preparación e adorno do centro (murais alusivos, paneis...) en relación co centro de interese tratado.</p>

